

PONTE VERÁN 2016

FINALIDADE

Ofertar á mocidade e infancia de Pontevedra un programa educativo e lúdico de actividades de tempo libre para as vacacións do verán, baseado en valores de igualdade, convivencia, respecto ao ambiente, coñecemento da propia cultura e de promoción da actividade física e o deporte.

A QUEN VAI DIRIXIDO?

Priorizaranse nenas e nenos, mozos e mozas do Concello de Pontevedra. No caso de non se cubrir as prazas, poderán optar persoas doutros concellos (terán preferencia os concellos limítrofes) e doutras idades a través da listaxe de agarda.

PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

A partir do 6 de xuño, pre-inscrición on-line, presencial, telefónica ou por e-mail. Consulta as datas para cada actividade.

ADJUDICACIÓN DE PRAZAS

Nas actividades con pre-inscrición avísarase ás persoas admitidas para que formalicen a inscrición coa documentación necesaria. Poderanse consultar as listaxes de persoas admitidas así como listaxes de agarda presencialmente na Oficina de Xuventude.

NOTAS IMPORTANTES

- No caso dos 4 obradoiros "Brincando co patrimonio lúdico", "Fotografía: enfoca e dispara pola igualdade", "Un verán para fedellar" e "Naturaliz-ARTE" cada nena ou neno só poderá solicitar 1 destes obradoiros e, se o desexa, manterse en listaxe de agarda para os demais.

- No caso da "Aula de Natureza" cada nena ou neno só poderá solicitar 1 das 3 quendas e, se o desexa, manterse en listaxe de agarda para os demais.

- Todas as actividades teñen un número de prazas reservadas para familias usuarias dos Servizos Sociais municipais.

DESCONTOS

A maioría das actividades son gratuítas, pero algunhas están subvencionadas na súa maior parte e teñen unha cota moi reducida. Aínda así, sobre esas cotas establecerase o habitual sistema de descontos:

20% desconto co Carné Xove

50% desconto a familias numerosas

50% desconto a partir da 2ª persoa da mesma unidade familiar

100% con derivación dos Servizos Sociais municipais

Os descontos son excluíntes entre si.

MÁIS INFORMACIÓN

www.xuventude.pontevedra.eu
Oficina Municipal de Xuventude de Pontevedra. R/ Sor Lucía, 2, 3º, tel. 986 840 367 en horario de luns a venres de 9 a 14 h
xuventude@pontevedra.eu

PROGRAMA DE LECER E TEMPO LIBRE PARA O VERÁN

CAMPAMENTOS E ACTIVIDADES DE TEMPO LIBRE

2 CAMPAMENTOS DE TEMPO LIBRE "O COTO"

1ª quenda: 14-21 xullo (10-12 anos)

2ª quenda: 22-29 xullo (13-15 anos)

AULA DE NATUREZA E INTERPRETACIÓN

3 quendas: 1-15 xullo, 18 xullo-1 agosto e 2-16 agosto (8-12 anos)

OBRAIDOIRO "BRINCANDO CO PATRIMONIO LÚDICO"

4-8 xullo (8-12 anos)

OBRAIDOIRO "FOTOGRAFÍA: ENFOCA E DISPARA POLA IGUALDADE"

12-15 xullo (8-12 anos)

OBRAIDOIRO "UN VERÁN PARA FEDELLAR: ROMPE, CREA, INVENTA... PERO FAINO TI"

18-22 xullo (8-12 anos)

OBRAIDOIRO "NATURALIZARTE"

26-29 xullo (8-12 anos)

ACTIVIDADES CULTURAIS, DEPORTIVAS E NO MEDIO NATURAL

VIII TORNEO DE FÚTBOL 7 MASCULINO E FEMININO "PONTEVERÁN-CAFyD"

9 xullo (14-30 anos)

ESTADÍA NO MEDIO NATURAL: SERRA DO XURÉS

29-31 xullo (18-35 anos)

RUTAS EN KAIK DE MAR

30 xullo e 21 agosto (16-35 anos)

CONSTRUCCIÓN DE INSTRUMENTOS VEXETAIS

6 agosto (todas as idades)

CELEBRACIÓN DA NOITE EUROPEA DOS MORCEGOS

27 agosto (todas as idades)

ORIENTACIÓN NOCTURNA NA ILLA DAS ESCULTURAS E ILLA DO COVO

27 agosto (a partir 8 anos)

ACTIVIDADES FORMATIVAS

CURSOS DE INICIACIÓN AO PIRAGÜISMO EN PONTE SAMPAIO

4-15 xullo, 18-29 xullo, 1-12 agosto e 15-26 agosto (9-15 anos)

INFORMÁTICA: PRESENTACIÓNS DE DOCUMENTOS, FOTOS E VÍDEOS

5-28 xullo (14-35 anos)

FOTORROTEIROS

9,10,16 e 17 xullo (12-35 anos)

CURSO DE MEDIADOR/A EN PREVENCIÓN DE CONDUTAS ADICTIVAS

4-8 xullo (16-30 anos)

CURSO DE INICIACIÓN Á ESCALADA

20, 21 e 23 xullo (14-35 anos)

CAMPAMENTOS E ACTIVIDADES DE TEMPO LIBRE



2 CAMPAMENTOS DE TEMPO LIBRE "O COTO"

Realizaranse 2 quendas de 8 días de duración, con 2 grupos de idade diferentes. Xogos, dinámicas, excursións, actividades multiaventura, deportivas, ambientais, etnográficas... O desprazamento á instalación farase en autobús dende Pontevedra.

DATAS:

1ª quenda: 14-21 xullo (10-12 anos, nacemento entre 2004-2006)

2ª quenda: 22-29 xullo (13-15 anos, nacemento entre 2001-2003)

LUGAR: complexo turístico de O Coto (Concello de Arbo, Pontevedra)

PRAZAS: 40 (20 por quenda)

COTA DE PARTICIPACIÓN: 90€ (custo real da praza 375€)

PREINSCRICIÓN do 6 ao 17 de xuño on-line en www.xuventude.pontevedra.eu (Programa Ponteверán) ou presencialmente na Oficina Municipal de Xuventude de Pontevedra. R/ Sor Lucía, 2, 3º, tel. 986 840 367 en horario de luns a venres de 9 a 14 h xuventude@pontevedra.eu

SORTEO público o 21 de xuño ás 12 h na Casa Azul. Sortearanse 16 prazas por campamento xa que as 8 restantes corresponden a prazas reservadas para familias usuarias dos Servizos Sociais municipais.

INSCRICIÓN: do 22 de xuño ao 4 de xullo

REUNIÓN INFORMATIVA PARA AS FAMILIAS: 7 de xullo de 19 a 21 h no Pazo da Cultura

AULA DE NATUREZA E INTERPRETACIÓN

Actividade organizada pola Oficina de Medio Ambiente Natural. Programa de actividades ambientais e lúdicas programadas para levar a cabo na contorna natural e monumental do noso municipio. Nenos e nenas terán a oportunidade de participar de actividades na natureza que aumentarán os seus coñecementos sobre o bosque, o mar, o río e a historia da cidade.

IDADES: 8-12 anos, nacemento entre 2004-2008

DATAS: escoller 1 das 3 quendas: 1-15 xullo, 18 xullo-1 agosto e 2-16 agosto

HORARIO: de 9:30-14 h

LUGAR: Pazo da Cultura e outros espazos da cidade

PRAZAS: 20 por quenda

COTA DE PARTICIPACIÓN ÚNICA: 10€ (non se aplicarán os descontos xerais)

PREINSCRICIÓN do 6 ao 19 de xuño on-line en www.xuventude.pontevedra.eu (Programa Ponteверán) ou presencialmente na Oficina Municipal de Medio Ambiente Natural, R/Churruchaos, 2, 1º, tel. 986 100 185 ext. 7584/83 en horario de luns a venres de 9 a 14 h e medionatural@pontevedra.eu

OBRAIDOIRO "BRINCANDO CO PATRIMONIO LÚDICO"

Un espazo para coñecer xogos tradicionais e construír pequenos enredos. Cada xornada estará dedicada a un tipo ou grupo de xogos: de lanzamento, de habilidade e equilibrio, de puntería... A billarda, a ra, a chave, os bolos, os zancos Construiremos tamén con material de refugallo os nosos propios xogos.

IDADES: 8-12 anos, nacemento entre 2004-2008

DATAS: 4-8 xullo

HORARIO: de 9:30-13:30 h

LUGAR: Pazo da Cultura e outros espazos da cidade

PRAZAS: 20

COTA DE PARTICIPACIÓN: Gratuíta (custo real da praza 145€)

PREINSCRICIÓN do 6 ao 19 de xuño on-line en www.xuventude.pontevedra.eu (Programa Ponteверán) ou presencialmente na Oficina Municipal de Xuventude de Pontevedra. R/ Sor Lucía, 2, 3º, tel. 986 840 367 en horario de luns a venres de 9 a 14 h e xuventude@pontevedra.eu

OBRAIDOIRO "FOTOGRAFÍA: ENFOCA E DISPARA POLA IGUALDADE"

Experimentar coa cámara de fotos as súas posibilidades artísticas, tirándolle o máximo partido ao uso das novas tecnoloxías. Estimularase o traballo en equipo para a realización de proxectos fotográficos, que terán como escenario os emprazamentos nos que se realizaron ou realizan actividades laborais tradicionais e modernas, o tema e fio condutor dos proxectos será a igualdade de xénero.

IDADES: 8-12 anos, nacemento entre 2004-2008

DATAS: 12-15 xullo

HORARIO: de 9:30-13:30 h

LUGAR: Pazo da Cultura e outros espazos da cidade

PRAZAS: 20

COTA DE PARTICIPACIÓN: Gratuíta (custo real da praza 120€)

PREINSCRICIÓN do 6 ao 19 de xuño on-line en www.xuventude.pontevedra.eu (Programa Ponteверán) ou presencialmente na Oficina Municipal de Xuventude de Pontevedra. R/ Sor Lucía, 2, 3º, tel. 986 840 367 en horario de luns a venres de 9 a 14 h e xuventude@pontevedra.eu

OBRAIDOIRO "UN VERÁN PARA FEDELLAR: ROMPE, CREA, INVENTA... PERO FAINO TI"

A proposta quere ir máis aló da cultura "maker" para volver ás orixes e traballar elementos como a importancia do manual, do artesanal, de saber facer as cousas por nós mesms, de xogar e inventar para aprender, de reciclar e utilizar materiais de refugallo...

En fin, que non fan falta xoguetes sofisticados para pasalo ben. O divertido é rompelo!

IDADES: 8-12 anos, nacemento entre 2004-2008

DATAS: 18-22 xullo

HORARIO: de 9:30-13:30 h

LUGAR: Pazo da Cultura e outros espazos da cidade

PRAZAS: 20

COTA DE PARTICIPACIÓN: Gratuíta (custo real da praza 160€)

PREINSCRICIÓN do 6 ao 19 de xuño on-line en www.xuventude.pontevedra.eu (Programa Ponteверán) ou presencialmente na Oficina Municipal de Xuventude de Pontevedra. R/ Sor Lucía, 2, 3º, tel. 986 840 367 en horario de luns a venres de 9 a 14 h e xuventude@pontevedra.eu

OBRAIDOIRO "NATURALIZARTE"

Achegarémonos ao mundo das artes plásticas e visuais dunha maneira lúdica e a través da natureza. Fomentárase a expresión autónoma empregando varias disciplinas artísticas relacionadas coa natureza, como o Land Art e o Mural.

IDADES: 8-12 anos, nacemento entre 2004-2008

DATAS: 26-29 xullo

HORARIO: de 9:30-13:30 h

LUGAR: Pazo da Cultura e outros espazos da cidade

PRAZAS: 20

COTA DE PARTICIPACIÓN: Gratuíta (custo real da praza 125€)

PREINSCRICIÓN do 6 ao 19 de xuño on-line en www.xuventude.pontevedra.eu (Programa Ponteверán) ou presencialmente na Oficina Municipal de Xuventude de Pontevedra. R/ Sor Lucía, 2, 3º, tel. 986 840 367 en horario de luns a venres de 9 a 14 h e xuventude@pontevedra.eu



ACTIVIDADES CULTURAIS, DEPORTIVAS E NO MEDIO NATURAL

VIII TORNEO DE FÚTBOL 7 MASCULINO E FEMININO "PONTEVERÁN-CAFyD"

Torneo de fútbol 7 coordinado polo Club de Ciencias da Actividade Física e do Deporte (CAFyD)

IDADES: entre 14 e 30 anos. Estableceranse grupos por categorías:

- 4 Cadete masculino, 14-15 anos

- 8 Xuvenil masculino, 16-18 anos

- 8 Sénior masculino, maiores de 18 anos

- 4 Categoría agrupada feminina, a partir dos 14 anos

DATA: sábado 9 xullo

HORARIO: de 10 a 21 h

LUGAR: Campos de herba sintética da Xunqueira

PRAZAS: máximo 24 equipos

COTA DE PARTICIPACIÓN: 30€ por equipo (custo real 80€)

PRAZA DE INSCRICIÓN: ata o 7 de xullo por rigorosa orde de chegada ou ata cubrir prazas

INFORMACIÓN E INSCRICIÓN: Oficina Municipal de Xuventude de Pontevedra.

R/ Sor Lucía, 2, 3º, tel. 986 840 367 en horario de luns a venres de 9 a 14 h e xuventude@pontevedra.eu

ESTADÍA NO MEDIO NATURAL: SERRA DO XURÉS

Excursión ao parque natural da Serra do Xurés con aloxamento en albergue. Saída de Pontevedra en autobús o venres ás 17 h. Esta actividade inclúe percorridos a pé e en autobús con guía especialista. Visita ao centro de interpretación, ao xacemento Aquis Querquennis. Baño nas augas termais do río Caldo, piragüismo na contorna do encoro de Muíños, sendeirismo polo Parque Natural e actividades grupais como xogos, coloquios e obradoiros de astronomía. Regreso a Pontevedra sobre as 21 h.

IDADES: 18-35 anos

DATAS: 29-31 xullo

PRAZAS: 21

COTA DE PARTICIPACIÓN: 30€ (custo real 155€). Inclúe desprazamento en bus, aloxamento en pensión completa e material das actividades.

INFORMACIÓN E INSCRICIÓN: Oficina Municipal de Xuventude de Pontevedra.

R/ Sor Lucía, 2, 3º, tel. 986 840 367 en horario de luns a venres de 9 a 14 h e xuventude@pontevedra.eu

RUTAS EN KAIK DE MAR

Percorridos recreativos de iniciación en kaiak de mar guiados por monitorado do Club de Piragüismo Vilaboa. Ría de Pontevedra: río Lérez ao seu paso pola cidade de Pontevedra. Ría de Vigo: río Verdugo e ruta con parada na illa de San Simón.

IDADES: 16-35 anos

DATAS E HORARIOS:

- 30 xullo: ría de Pontevedra de 10 a 14 h, saída ás 10 h da praia fluvial de Monte Porreiro

- 21 agosto: ría de Vigo de 11 a 20 h, saída en bus ás 11 h diante do Pavillón Municipal dos Deportes

PRAZAS: 15 por ruta

COTA DE PARTICIPACIÓN: 10€ (custo real da praza 50€). Inclúe material da actividade e desprazamento.

INFORMACIÓN E INSCRICIÓN: Oficina Municipal de Xuventude de Pontevedra. R/ Sor Lucía, 2, 3º, tel. 986 840 367 en horario de luns a venres de 9 a 14 h e xuventude@pontevedra.eu

CONSTRUCCIÓN DE INSTRUMENTOS VEXETAIS

Paseo polo río Gafos onde iremos recollendo diferentes materiais cos que construiremos instrumentos para logo montar unha auténtica orquestra vexetal. Este obradoiro estará impartido pola Asociación Os Chichisos.
IDADES: todas as idades (menores acompañadx). Actividade para toda a familia.
DATAS: sábado 6 agosto
HORARIO: 11-13 h
LUGAR: río Gafos (saída diante da estación de autobuses)
PRAZAS: 25
COTA DE PARTICIPACIÓN: gratuíta
INFORMACIÓN E INSCRICIÓN: Oficina Municipal de Xuventude de Pontevedra. R/ Sor Lucía, 2, 3º, tel. 986 840 367 en horario de luns a venres de 9 a 14 h e xuventude@pontevedra.eu

CELEBRACIÓN DA NOITE EUROPEA DOS MORCEGOS

Actividade organizada en colaboración pola Asociación Vaipolorío e a Asociación Drosera para Estudo e Conservación do Medio Natural. Consiste nunha xornada de captura, estudo e explicación das características destes animais por parte da Asociación Drosera, especialista no estudo destes mamíferos. A nosa intención é dar a coñecer os morcegos e desmitificar falsas lendas que se lle atribúen, así como escoitar os seus sons mediante aparatos de ultrasóns e poder gozar da sensación de telos na man.
IDADES: todas as idades (menores acompañadx). Actividade para toda a familia.
DATAS: sábado 27 agosto
HORARIO: 21-23 h
LUGAR: río Gafos (saída diante da estación de autobuses)
PRAZAS: 25
COTA DE PARTICIPACIÓN: gratuíta
INFORMACIÓN E INSCRICIÓN: Oficina Municipal de Xuventude de Pontevedra. R/ Sor Lucía, 2, 3º, tel. 986 840 367 en horario de luns a venres de 9 a 14 h e xuventude@pontevedra.eu

ORIENTACIÓN NOCTURNA NA ILLA DAS ESCULTURAS E ILLA DO COVO

Actividade impartida polo Club de Montañeiros de Pontevedra-A Roelo e que consiste nunha primeira parte teórica de aula onde daremos os coñecementos básicos de material e seguridade, para logo saír á Illa das Esculturas e Illa do Covo onde poremos en práctica todo o aprendido.
IDADES: a partir de 8 anos (menores de idade acompañados por algún adulto)
DATA: sábado 27 agosto
HORARIO: 21-01 h
LUGAR: Illa das Esculturas e Illa do Covo
PRAZAS: 100 máximo
COTA: gratuíta
INFORMACIÓN E INSCRICIÓN: Oficina Municipal de Xuventude de Pontevedra. R/ Sor Lucía, 2, 3º, tel. 986 840 367 en horario de luns a venres de 9 a 14 h e xuventude@pontevedra.eu

ACTIVIDADES FORMATIVAS

CURSOS DE INICIACIÓN AO PIRAGÜISMO EN PONTE SAMPAIO

4 cursos impartidos polo Club Río Verdugo de Piragüismo, cos que se pretende que nenos/as e mozos/as coñezan unha actividade deportiva e recreativa coa que poder ocupar o seu tempo de lecer. O programa de cada curso inclúe actividades de preparación física, exercicios de técnica elemental, xogos, natación, nocións teóricas, coñecemento das medidas de seguridade.
IDADES: 9-15 anos
REQUISITO: saber nadar
DATAS E HORARIOS: de luns a venres (incluído festivos)
- 4-15 xullo de 12 a 13:30 h (PRAZAS: 6)
- 18-29 xullo de 12 a 13:30 h (PRAZAS: 12)
- 1-12 agosto de 12 a 13:30 h (PRAZAS: 12)
- 15-26 agosto de 11 a 12:30 h o primeiro grupo e de 12:30-14 h o segundo grupo.
(PRAZAS: 18 en dous grupos)
COTA DE PARTICIPACIÓN: 10€ (custo real da praza 60€). Inclúe material da actividade pero o desprazamento corre pola conta de cada participante.
LUGAR: praia da Xunqueira en Ponte Sampaio.
INFORMACIÓN E INSCRICIÓN: a partir do 3 de xuño no Club de Piragüismo Río Verdugo. Praia da Xunqueira s/n. Ponte Sampaio (Pontevedra). Tel. 669 455 451

INFORMÁTICA: PRESENTACIÓNS DE DOCUMENTOS, FOTOS E VÍDEOS

Curso de creación de presentacións, inserción de música e montaxe de vídeos a partir dos nosos álbums de fotos.
IDADES: 14-35 anos
HORARIO: 11:30-13 h
DATAS: 5-28 xullo (martes, mércores e xoves)
LUGAR: aula de informática da Casa Azul
PRAZAS: 18
COTA: gratuíta
INFORMACIÓN E INSCRICIÓN: Oficina Municipal de Xuventude de Pontevedra. R/ Sor Lucía, 2, 3º, tel. 986 840 367 en horario de luns a venres de 9 a 14 h e xuventude@pontevedra.eu

FOTORROTEIROS

Obradoiro de fotografía ao aire libre. Pequenos percorridos nos que iremos fotografando e deténdonos nos puntos de interese do espazo natural e urbano. As

paradas constarán dunha formación teórica básica inicial e posterior posta en práctica dos coñecementos in-situ, para rematar coa avaliación colectiva das imaxes. Afondaremos nas técnicas específicas de fotografía de natureza como son: "fotografía de paisaxe", "fauna e flora", "macros" ou "panorámicas".
4 roteiros independentes:
- Sábado 9: río Lérez
- Domingo 10: río Gafos
- Sábado 16: Pontevedra, de ponte a ponte
- Domingo 17: parque de Lourizán
IDADES: 14-35 anos
HORARIO: 9-14 h
DATAS: 9, 10, 16 e 17 xullo
LUGAR: saída da Casa Azul
PRAZAS: 15 por roteiro
REQUISITOS: cada participante deberá traer a súa cámara de fotos, así como trípode se o ten. É importante traer calzado cómodo e roupa axeitada á meteoroloxía, así como comida e auga para o percorrido. Non son precisos coñecementos previos de fotografía, so interese e entusiasmo por aprender.
COTA: gratuíta
IMPORTE: Víctor Barro fotosconletra.blogspot.com
INFORMACIÓN E INSCRICIÓN: Oficina Municipal de Xuventude de Pontevedra. R/ Sor Lucía, 2, 3º, tel. 986 840 367 en horario de luns a venres de 9 a 14 h e xuventude@pontevedra.eu

CURSO DE MEDIADOR/A EN PREVENCIÓN DE CONDUTAS ADICTIVAS

Formar a mediadores/as xuvenís en prevención de condutas adictivas para que actúen como transmisores/as de información, actitudes e valores preventivos dentro do seu grupo de iguais, nun medio de aprendizaxe non formal.
IDADES: 16-30 anos
DATAS: 4-8 xullo (fase teórica)
HORARIO: 9:30-13:30 h
DURACIÓN: 20 horas teóricas e 10 horas prácticas a través dun proxecto
LUGAR: Casa Azul
PRAZAS: 20
COTA: gratuíta
INFORMACIÓN E INSCRICIÓN: Plan Municipal de Condutas Adictivas. Casa Azul, R/ Sor Lucía, 2, 2º, tel. 986 804 300 ext. 7452 (ata o 30 de xuño por rigorosa orde de chegada) e pgonzalez@pontevedra.eu

CURSO DE INICIACIÓN Á ESCALADA

Actividade organizada co Club de Montañeiros de Pontevedra. Os dous primeiros días desenvolverase no rochódromo onde se impartirán os coñecementos básicos sobre material (arnés, cordas, mosquetóns, etc) e seguridade (nós, cadea de seguridade, etc), así como a teoría e práctica das diferentes técnicas deportivas para progresar escalando. O día de escola en rocha, porase en práctica todo o aprendido pero no medio natural da rocha.
IDADES: 14-35 anos (cumpridos)
DATAS: 20, 21 e 23 xullo

HORARIO: 19-22:15 h as dúas primeiras xornadas e de 17-22 h o último día
LUGAR: 1º e 2º día no rochódromo municipal (Pavillón Multiusos da Xunqueira) e 3º día zona de escalada ao aire libre, por determinar
PRAZAS: 12
COTA DE PARTICIPACIÓN: 10€ (custo real da praza 97€). Inclúe material da actividade.
INFORMACIÓN E INSCRICIÓN: Oficina Municipal de Xuventude de Pontevedra. R/ Sor Lucía, 2, 3º, tel. 986 840 367 en horario de luns a venres de 9 a 14 h e xuventude@pontevedra.eu



Concellaría de Xuventude

Rúa Sor Lucía, nº 2, 3º
36002 Pontevedra
Teléfono 986 840 367
Luns a venres de 9 a 14 h

xuventude@pontevedra.eu
www.xuventude.pontevedra.eu

PONTE VERAN²⁰¹⁶

PROGRAMA DE LECER
E TEMPO LIBRE PARA O VERÁN

Organiza:



CONCELLO DE PONTEVEDRA
concellaría de xuventude

Colabora:



Plan Municipal de Condutas Adictivas